


D I T A M E

Ditame
6/08

sobre o anteproxecto de
Lei do turismo
de Galicia



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 1 9 D E X U Ñ O



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 19 de maio de 2008 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o anteproxecto de lei do turismo de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 19 de maio, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o 27 de maio de 2008, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 6/08, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 16 de xuño, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 4/08, de 19 de xuño, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei do turismo de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O anteproxecto de lei sometido a ditame ten por obxecto a ordenación do sector turístico galego, así coma o establecemento dos principios básicos en materia de planificación, promoción e fomento do turismo.

O presente anteproxecto de lei estrutúrase en nove títulos que comprenden 85 artigos, catro Disposicións Adicionais, tres Disposicións Transitorias, unha Disposición Derrogatoria e dúas Disposicións Finais.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- A tramitación dos ditames sobre este e outros tres anteproxectos de lei, que se recibiron simultaneamente, o día 19 de maio, polo procedemento de urxencia, motiva que o CES teña que limitar as súas aportacións ás que foi posible abordar no curto prazo de tempo dispoñible. Entende o CES que este xeito de tramitación debería estar reservado para aqueles anteproxectos nos que concorran obxectivas razóns de urxencia, circunstancia que non se produce evidentemente cando se trata dunha norma, como a que agora se ditamina, que á luz das informacións recollidas nos medios de comunicación social, lévase preparando desde hai moitos meses. Segundo se ten manifestado por este consello en precedentes ditames, a tramitación urxente limita seriamente e vai en menoscabo da función consultiva que corresponde ao organismo, agravándose neste caso pola antedita solicitude de catro ditames na mesma data.

2.- O CES valora positivamente este anteproxecto de Lei que regula o Turismo de Galicia, adaptándose aos cambios xurdidos no sector nos derradeiros anos, sen prexuízo das consideracións particulares ao articulado do anteproxecto que se refiren neste ditame.

3.- A pesares de empregar ambos xéneros na maior parte da redacción do anteproxecto, persiste algún que outro erro relacionado coa linguaxe sexista, polo que o CES recomenda unha revisión do texto para que sexan corrixidos.

4.- O CES considera reiterativa a utilización, ao longo do texto do anteproxecto de lei, do termo “Comunidade Autónoma de Galicia”, que podería ser substituído por expresións como “Xunta de Galicia”, “Administración autonómica” ou “Administración galega”, a usar en función do contexto no que se localicen.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- No remate da **Exposición de Motivos** do anteproxecto, debería facer constar que o mesmo foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Maniféstase que existe un erro na **páx. 7**, penúltimo parágrafo, da exposición de motivos, ao estar mal a estrutura da lei descrita, xa que no anteproxecto de lei existen catro disposicións adicionais, tres transitorias, unha derogatoria e dúas finais.

O artigo 14 do anteproxecto de lei menciona especificamente como recursos turísticos o Camiño de Santiago e o litoral galego. O CES considera que na exposición de motivos, **páxina 8**, onde se analiza o contido do Título IV, debería xustificarse a mención feita no articulado aos citados recursos turísticos.

2.- O **artigo 7** do anteproxecto de lei de turismo de Galicia desenvolve o Consello Regulador do Turismo de Galicia. O **apartado 3** do artigo 7 regula a composición do Consello Regulador do Turismo de Galicia.

O CES entende que no remate do parágrafo primeiro do citado apartado 3 debería engadirse a seguinte redacción: “(...) *profesionais do sector turístico e as organizacións sindicais e empresariais máis representativas no ámbito de Galicia.*”, nos termos establecidos no anteproxecto de lei de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

3.- O **artigo 9** do anteproxecto de lei sometido a ditame regula as comunidades galegas no exterior, dentro da organización e competencias da administración turística galega.

O CES entende que o **apartado 1** do artigo 9 debería rematar en “(...) *coas entidades representativas das comunidades galegas no exterior*”. Por consi-

derar a última frase do apartado simplemente valorativa e non clarificar o artigo, podendo incluíla na exposición de motivos do anteproxecto de lei.

O CES considera que no **apartado 2** do artigo 9 debería substituírse a expresión “*posibilitará a colaboración das mesmas*” por “*promoverá a colaboración das mesmas*”.

4.- O artigo 11 do anteproxecto de lei establece os dereitos das usuarias/os turísticos. O **epígrafe b)** do **apartado 1** do artigo 11 establece o dereito da usuaria/o de servizos turísticos a obter da outra parte contratante todos os documentos que acrediten os termos da contratación así como as facturas emitidas legalmente.

O CES entende que se debe substituír a expresión “*(...) as facturas emitidas legalmente*” por “*(...) as facturas emitidas, cando sexan legalmente esixibles.*”

5.- O artigo 17 do anteproxecto de lei de turismo de Galicia regula o termo Galicia como marca turística.

O CES considera que, no **apartado 1** do artigo 17, debería evitarse a redundancia existente co verbo promover.

O CES entende que, no **apartado 2** do artigo 17, debería substituírse a expresión “*poderá declarar*” por “*procederá a declarar*”.

6.- O artigo 20 do anteproxecto de lei sometido a ditame regula os concellos turísticos.

O CES considera que se debería de prever a participación do Consello Regulador de Turismo de Galicia, previamente á declaración de concello turístico, por parte do Consello da Xunta

O **epígrafe c)** do **apartado 1** do artigo 20 establece como condición para a declaración dun concello como turístico, que acredite contar, dentro do seu territorio, con algún evento ou servizo turístico susceptible de producir unha

atracción turística de visitantes nunha cantidade cinco veces superior á súa poboación.

O CES entende necesario que se maticen os requisitos expostos no citado epígrafe c), para limitar a posibilidade de acceso á denominación de concello turístico a aqueles municipios que obxectivamente deban ter esa condición, co obxecto de evitar a utilización abusiva deste precepto.

7.- O artigo 23 establece as obrigas dos empresarios/as turísticos,

O citado artigo 23 establece no seu **apartado i)** a obriga de facilitar a accesibilidade ós establecementos por parte das persoas discapacitadas.

O CES considera que se debería de substituír o apartado i) por:

i) Segundo os termos previstos no ordenamento xurídico, garantir a accesibilidade e a adaptación das instalacións dos establecementos ás persoas discapacitadas.

O **apartado ñ)** do artigo 23 establece a obriga de manter vixentes e actualizados o capital social, as fianzas e os seguros ós que obriga a normativa turística.

Dado o ambiguo e impreciso do termo “*actualización*” en relación ao capital social, o CES considera que se debería de aclarar o alcance do mesmo.

8.- O artigo 34 do anteproxecto de lei establece o concepto e a clasificación dos establecementos hoteleiros.

Dentro da nova clasificación dos establecementos hoteleiros, establécese a existencia de residencias turísticas e hoteis. Porén, na anterior lei 9/1997 de ordenación e promoción do turismo en Galicia, a clasificación comprendía hoteis e pensións. Polo tanto, nesta nova regulación non se fai referencia a cal é o procedemento que os establecementos que xa teñen a cualificación de pensións, deben seguir para incorporarse a esta nova regulación ou, se é o caso, se van continuar coa clasificación antiga.

O CES considera que isto leva consigo non só un problema de denomina-

ción, senón que tamén xera inseguridade xurídica, por non quedar definido o seu marco de actuación.

9.- O artigo 74 do anteproxecto de lei obxecto de ditame regula a gradación das sancións.

Apréciase que un mesmo feito (as repercusión negativas na imaxe turística de Galicia) serve tanto para graduar as sancións coma para impoñer a sanción accesoria tipificada no **artigo 73.2 b)**.

O CES entende que se debería concretar máis polo miúdo, a afectación á imaxe turística de Galicia que habilitaría a imposición dunha sanción accesoria de clausura definitiva do establecemento ou revogación da autorización, de forma que esta afectación á imaxe fora distinta e máis esixente que a que se ten en conta para a gradación da sanción.

10.- A Disposición Adicional Terceira regula a Escala de Inspección Turística.

O CES considera que se debería de clarificar o procedemento de acceso do persoal da actual Escala Técnica de Inspección Turística á nova Escala de inspección Turística, con escrupuloso respecto á normativa de función pública.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2008

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano